



AELG nomea á escritora palestina Shahd Wadi como Escritora Galega Universal

Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 03/10/2024 |

A **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)** aprobou o nomeamento de Shahd Wadi, escritora palestina, como Escritora Galega Universal en 2025.

Segundo informou a AELG nun comunicado, a decisión adoptouse desde o "profundo respecto e afecto" á súa persoa e a valoración da alta calidade na súa obra, así como por **"defender a dignidade nacional"** de Palestina e os dereitos individuais e colectivos da súa poboación.

Poeta e tamén autora do libro **'Corpos na trouxa: historias-artísticas-de-vida de mulheres palestinianas non exílio' (2017)**, aborda, na súa investigación, as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelita de Palestina e considera as artes un testemuño de vidas, tamén da súa.



Shahd Wadi | Fonte: Shahd Wadi